

EIXES TRANSVERSALS

EIXO DE ACCIÓN 5

SAÚDE E DEPORTE

**OBXECTIVO OPERATIVO 1**

Promover o desenvolvemento de programas entre a xuventude para a adquisición de hábitos de vida saudables e prevención de condutas de risco

Medida 1: Escolas sen fume

Consellería de Sanidade



Persoas beneficiarias: 57.000 escolares (523 centros educativos)

Tipo de actividade: Campaña.

Obxectivos acadados: Evitar o consumo de tabaco nos mozos e mozas galegos, a través da posta en marcha de actividades e dun concurso onde a clases se compromete, xunto co seu titor ou titora, a non fumar durante seis meses.

Medida 2: Programas de prevención de drogodependencias coa poboación xuvenil

Consellería de Sanidade

Persoas beneficiarias: 150.000.

Tipo de actividade: Campañas.

Obxectivos acadados: A prevención do consumo de drogas entre a mocidade a través dunha información actualizada e adaptada as demandas dos/as adolescentes, así como a realización de actividades de sensibilización.

**Medida 3: Charlas de prevención de condutas de risco**

Consellería de Sanidade

Tipo de actividade: Campañas.

Obxectivos acadados: A prevención do consumo de tabaco e outras drogas, a través da realización de charlas interactivas en centros educativos sobre a prevención do consumo de tabaco e outras drogas.

OBXECTIVO OPERATIVO 2

Desenvolver campañas para fomentar entre a mocidade actitudes preventivas no que á súa saúde se refire

Medida 2: Campaña de prevención VIH en escolares. Plan de Acción AntiVIH/SID

Consellería de Sanidade

Persoas beneficiarias: 131.390.

Tipo de actividade: Campañas.

Obxectivos acadados: A prevención do VIH e a loita contra a discriminación das persoas afectadas.

Medida 3: Campaña de vacinación fronte ao virus do papiloma humano (VPH)

Consellería de Sanidade

Persoas beneficiarias: 10.146.

Tipo de actividade: Campaña (vacinação das rapazas).

Obxectivos acadados: A vacinación das rapazas para reducir as infeccións polo virus do papiloma humano e as súas consecuencias.





Medida
Nova

Medida 4: COCOS ao 100%

Consellería de Sanidade



Tipo de actividade: Campaña.

Obxectivos acadados: O achegamento de mensaxes sobre a saúde para a mocidade, empregando as redes sociais como vehículo.

Medida
Nova

Medida 5: Programa de prevención de drogas na mocidade en espazos de lecer nocturno e botellón

Consellería de Sanidade

Tipo de actividade: Campaña.

Obxectivos acadados: A sensibilización da mocidade que frecuenta os lugares de lecer e botellón sobre os riscos do consumo e experimentación coas drogas e co alcohol.

Medida
Nova

Medida 6: Proba rápida anónima de VIH en saliva en centros Querote+

Consellería de Sanidade

Persoas beneficiarias: 300.

Tipo de actividade: Campaña.

Obxectivos acadados: A concienciación sobre prácticas de sexo seguras en persoas que acudiron a realizar a proba por ter prácticas de risco.



**OBXECTIVO OPERATIVO 3**

Establecer liñas de apoio para o fomento da práctica deportiva entre a mocidade galega

Medida 1: Convocatoria de axudas aos/ás deportistas galegos/as de alto nivel

Fundación Deporte Galego



Persoas beneficiarias: 170.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas

Obxectivos acadados: O desenvolvemento do rendemento deportivo de aqueles deportistas galegos/as que obteñan praza para representar ao equipo olímpico/paralímpico español nos Xogos de Londres 2012, así como a aqueles deportistas recoñecidos pola Secretaría Xeral para o Deporte como deportistas Galegos/as de Alto Nivel.

Medida 2: Programas de tecnificación e rendemento no centro galego de tecnificación deportiva

Fundación Deporte Galego

Persoas beneficiarias: 154.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados:

- A formación integral de deportistas galegos/as novos/as con potencial para a práctica do deporte de alto nivel.
- A integración dos/as deportistas no sistema educativo e no entorno social.
- A preparación de deportistas de alto nivel.
- O desenvolvemento do labor deportivo de diferentes clubs que dispoñen das instalacións para levar a cabo os seus adestramentos e competicións.

**Medida 3: Subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro**

Secretaría Xeral para o Deporte (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 992 entidades.

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: O desenvolvemento de actividades propias das entidades sen ánimo de lucro relacionadas co ámbito deportivo, así como favorecer a súa participación en competicións oficiais.

**Medida 5: Convenio de colaboración coas federacións deportivas galegas**

Secretaría Xeral para o Deporte (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 59 federacións deportivas.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: O fomento da práctica deportiva na sociedade galega, posibilitando o desenvolvemento de plans de actividades por parte das federacións deportivas.

**OBXECTIVO OPERATIVO 4**

Facilitar a participación da mocidade en actividades de lecer e faciliten o seu desenvolvemento persoal

Medida 1: Programa Xogade (Xogos galegos deportivos en idade escolar)

Secretaría Xeral para o Deporte (Presidencia)

Persoas beneficiarias: 145.729.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados:

- O incremento de participación en actividades físico-deportivas en horario non lectivo das poboacións escolares, con especial incidencia no colectivo de nenas.
- O gran potencial educativo e formativo das actividades físico-deportivas, primando a participación por enriba da competitividade.
- O impulso da función integradora e de cohesión social do deporte.
- O mantemento ou mellora do estado de saúde dos escolares a través da adquisición de hábitos A potenciación dos xogos motores.
- A aprendizaxe de conceptos técnicos e tácticos, desenvolvendo as diferentes cualidades físicas así como a transmisión de hábitos, actitudes e valores como a tolerancia, o respecto aos demais e as regras, o esforzo de superación, a cooperación, a confianza entre outros.
- A potenciación do Xogo Limpo e a Deportividade.



**Medida 2: Estadías en residencias de tempo libre**

Consellería de Traballo e Benestar

Persoas beneficiarias: 296.

Tipo de actividade: Outras (aloxamento).

Obxectivos acadados: A comunicación e a participación persoal e sociolaboral dos/as mozos, posibilitando o aloxamento nas residencias de tempo libre de Paxón e O Carballiño.

OBXECTIVO OPERATIVO 5

Fomentar hábitos de vida saudables entre a mocidade con discapacidade a través de actividades de lecer e tempo libre

Medida 1: Actividades de formación, ocio e deportivo-terapéuticas dirixidas ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias

S.X. de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 4009.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A integración social e potenciar a relación e comunicación entre as persoas con discapacidade, así como os seus familiares, a través do desenvolvemento de actividades deportivas e de lecer.

**Medida 2: Campamentos de verán (quendas de integración)**

S.X. de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 14.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A participación e integración social das persoas con discapacidade, programando actividades culturais, deportivas e de tempo libre normalizada.

Medida 3: Campamentos de verán para persoas con discapacidade (quendas específicas)

S.X. de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 172.

Tipo de actividade: Campamentos.

Obxectivos acadados: O fomento de hábitos de vida saudables e a participación das persoas con discapacidade con maior necesidade, realizando actividades de carácter cultural, ambiental, deportivas e de tempo libre.

**Medida 5: Programa de apoio ao desenvolvemento integral das persoas con discapacidade (actividades de saúde e cognoscitivas)**

S.X. de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar)

Persoas beneficiarias: 63.

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A mellora da independencia funcional físico-motora dos/as participantes e deter ou minimizar os procesos dexenerativos, a través da realización de actividades de saúde e cognoscitivas, fisioterapia, natación terapéutica e mantemento físico funcional.